



1. Denominación do curso (nome do expediente): Carnizaría-chacinaría
2. Contidos:
  - Prevención de riscos laborais no sector cárnico (incluíndo módulo PRL COVID)
  - Hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos
  - Cortes básicos de carnizaría
  - Clasificación e identificación das pezas
  - Produtos de chacinaría: Friames, conservas, salgadura e outras elaboracións
  - Problemas e dificultades da carnizaría e da chacinaría
  - Lexislación aplicable. Trazabilidade
  - Atención ao público e adaptación ao posto de traballo
  - Módulos transversais sobre a igualdade de xénero (5 h), sobre o emprendemento (5 h) e a sensibilización medioambiental (5 h) e unha charla dun responsable de RRHH
  - Formación en obradoiros de empresas (150 horas)
  - Prácticas profesionais non laborais (120 horas).
3. Horas totais do curso: 435.
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara, e nas instalacións das empresas colaboradoras en prácticas.
5. Datas previstas do curso: Do 23 de setembro ao 23 de decembro de 2020.
6. Horario previsto: De 8:00 a 15:00 horas en Aula, de luns a venres. A realización da formación en obradoiros e das prácticas en empresa, no horario que se determine, a razón de 7 horas/ día.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubriren pasan a engrosar o ordinario.
8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase no día de inicio de curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 9 de setembro ás 8:30 horas, ata o 16 de setembro de 2020 ás 13:00 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:00 horas).



11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes

12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, Teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.